



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2023220001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-A-II-23



Proba A1

Vostede e mais un familiar que se acaba de xubilar queren facer unha viaxe xuntos. Despois de ver a seguinte reportaxe de televisión, pensa que sería boa idea viaxar en tren por Galicia e Portugal e escíbelle un **correo electrónico**. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudalo e felicitalo pola súa xubilación.
- Propoñerlle ir no tren Celta ata O Porto e comentarlle as vantaxes deste medio de transporte.
- Explicarlle como eran antes as viaxes en tren entre Galicia e Portugal.
- Suxerirlle algunha actividade para facer no Porto e despedirse.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede recibe unha mensaxe dun amigo na que lle conta que está preocupado pola súa economía familiar. Pídelle consello para intentar aforrar no novo ano. Despois de ler este artigo, decide escribirlle un **correo electrónico**. No texto, de **200 palabras**, deberá:

- Saudalo e darlle ánimos ante os problemas económicos que lle describe.
- Facerlle algunhas recomendacións para que poida reducir gastos e aforrar.
- Comentarlle cales poden ser os motivos que desaxustan un orzamento familiar.
- Darlle algún consello que vostede puxo en práctica e despedirse.

Trucos e consellos para superar a costa de xaneiro



Xaneiro é un mes duro, e non só polo mal tempo, senón porque aumentan moitos gastos como a cesta da compra, o alugueiro, a hipoteca, a luz, o gas, o teléfono, os seguros, as actividades extraescolares etc. Con este panorama, cómpre que fagamos un bo orzamento familiar para aforrar tamén en dores de cabeza e preocupacións.

A continuación, veremos como facelo:

- **Controlar o uso da luz e da calefacción.** É difícil baixar graos de temperatura no fogar cando vai frío, pero debemos pensar en abrigarnos máis na casa para aforrar na calefacción. Podemos poñela só no momento de erguernos, no aseo... Cada familia valorará cando necesita máis este servizo. Ademais, debemos aproveitar a luz natural sempre que se poida.

- **Menos secadora e máis secado natural.** A secadora é moi cómoda, porque evita que dependamos das condicións meteorolóxicas para secar a roupa, pero convén valorar se compensa poñela co que subiu a luz. Sempre que sexa posible, é preferible usar un tendal e secar a roupa ao aire libre. Se non se pode facer así, agora hai xa electrodomésticos como lavadoras e secadoras que teñen un programa ECO, que aforra auga e entre un 33 % e un 51 % no consumo de electricidade en comparación cos programas habituais.
- **Revisar o gasto en plataformas de contidos audiovisuais.** En moitos fogares, para ver series, películas ou documentais contratouse Netflix, HBO, Amazon Prime, Movistar+ etc. Debemos revisar cal delas é a que se usa máis e dar de baixa o resto.
- **Vender para ganar.** Nos fogares acostuma haber roupa, aparellos ou obxectos que non utilizamos e que podemos vender por Internet para sacar diñeiro. Tamén temos a opción de intercambialos por outros que necesitemos e así tampouco gastamos.
- **Aproveitar as rebaixas e os descontos.** Hai varias datas marcadas en vermello no calendario se falamos de rebaixas e descontos. As rebaixas de xaneiro e o *Black Friday* de novembro son dúas delas. Con todo, as organizacións de consumidores avisan de que hai «ofertas gancho» para atraer a clientela, pero que despois son falsas. Aseguran que presentan como rebaxados produtos que antes non estiveron á venda. A outros cámbianlles na etiqueta o prezo orixinal e póñenlles un superior para que pareza maior a rebaixa. Tamén hai tendas nas que utilizan letreiros enganosos como «ata o 70 % de desconto», cando só unha pequena parte dos produtos alcanza esa porcentaxe. Tampouco hai que esquecerse de gardar ben o ticket por se precisamos facer calquera tipo de reclamación.

Texto traducido e adaptado da revista *Eroski Consumer*



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

